



FERNANDO TORRE COMESAÑA, SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONCELLO DE CARBALLEDO, PROVINCIA DE LUGO

CERTIFICA que con data 08 de abril de 2021, a Xunta de Goberno Local do Concello de Carballedo, por unanimidade dos seus membros, adoptou, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

“ 5º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.-

Visto que, entre as competencias que o artigo 7 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (en diante, LPDIFG) atribúe ás entidades locais, está a elaboración e aprobación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, consonte ao previsto nas lexislacións galegas de prevención e extinción de incendios e de montes e cuxa elaboración, execución e actualización ten carácter de obriga (art. 16.5. da LPDIFG).

Vista a Orde do 9 de agosto de 2018 pola que se publica o Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Vista a solicitude de adhesión do Concello de Carballedo ao amentado Convenio por acordo da Xunta de Goberno Local de 09/05/2019. (Expte. Gestiona 100/2019).

Vista a Resolución de 11/07/2019 do Director Xeral de Defensa do Monte, pola que se aproba a solicitude de adhesión do Concello de Carballedo ao amentado Convenio.

Vista a obriga legal de impulsar o procedemento para a elaboración do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Carballedo.

Vistas as alegacións presentadas o día 08.09.2020, rexistro de entrada 2020-E-RE-32, polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia sobre a tramitación do anterior “Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Carballedo”, nas que solicita a revogación do Plan por non cumprir co requisito de autoría e redacción esixido legalmente: estar redactado por técnico competente en materia forestal, e estar colexiado nun colexio profesional do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Visto que a tramitación do anterior “Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Carballedo” obtivo informe desfavorable da Dirección Xeral de Defensa do Monte, de data 18.03.2021, que sinala que *“O Plan está asinado por M^a. Lina Rodríguez Fernández, enxeñeira técnica agrícola, polo que incumpre o artigo 13.6. da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Consonte este artigo os plans deben ser redactados por técnicos competentes en materia forestal”*.

Visto o novo **“Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Carballedo”** (PMPDIF de Carballedo), asinado por D. José Mariño Méndez, Enxeñeiro Técnico Forestal colexiado nº 963 do COETFOG, e asinado por D^a. María Lina Rodríguez Fernández, Enxeñeira Técnica Agrícola colexiada nº 721 do COITA de Lugo, en febreiro de 2021 (Expte. Gestiona 100/2019).

Vistas as competencias delegadas pola Alcaldía mediante Resolución de data 25 de xuño de 2019, e o resto de atribucións conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA**:





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: urbanismo@concellocarballedo.es

PRIMEIRO.- Estimar as alegacións presentadas o día 08.09.2020, rexistro de entrada 2020-E-RE-32, polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia sobre a tramitación do anterior “Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Carballedo”, nas que solicita a revogación do Plan por non cumprir co requisito de autoría e redacción esixido legalmente: estar redactado por técnico competente en materia forestal, e estar colexiado nun colexio profesional do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO.- APROBAR INICIALMENTE o novo “Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Carballedo”, asinado por D. José Mariño Méndez, Enxeñeiro Técnico Forestal colexiado nº 963 do COETFOG, e asinado por D^a. María Lina Rodríguez Fernández, Enxeñeira Técnica Agrícola colexiada nº 721 do COITA de Lugo, en febreiro de 2021 (Expte. Gestiona 100/2019).

TERCEIRO.- SOMETER o novo “Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Carballedo” ao trámite de INFORMACIÓN PÚBLICA polo prazo de 20 días hábiles, a contar desde a publicación do correspondente anuncio no BOP de Lugo, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións.

CUARTO.- PUBLICAR o novo “Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Carballedo” na páxina web do Concello de Carballedo, <http://www.concellocarballedo.es> quedando, así mesmo, a disposición do público en xeral nas dependencias da Casa Consistorial do Concello de Carballedo, sita na Praza V. Portomeñe, 1 – A Barrela – CP 27520 – Carballedo (Lugo).

QUINTO.- O novo “Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Carballedo” (PMPDIF de Carballedo) será o documento de referencia aos efectos de que os responsables cumpran coas súas obrigas de xestión da biomasa conforme ao art. 21 e no prazo previsto no art. 22 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia.

SEXTO.- DAR TRASLADO do presente acordo á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural para que emita o preceptivo informe sobre o novo “Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Carballedo.”

E para que así conste asino a presente, coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco, en Carballedo.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.

O Secretario, D. Fernando Torre Comesaña

Vº e Pr., O Alcalde, D. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco

